

TRANSFORMACIÓN DIXITAL DO SECTOR ALIMENTARIO

Novos modelos de negocio e ferramentas dixitais e tecnolóxicas para as empresas alimentarias



TRANSFORMACIÓN DIXITAL DO SECTOR ALIMENTARIO

20 de maio – 17 de xuño 30 horas 9.00 – 15.00 h Presencial Gratuíto

Este curso ofrece un panorama actual da transformación dixital e como impacta na competitividade das empresas. Analizaranse as tendencias actuais e os cambios no mercado, así como os novos modelos de negocio dixitais e a importancia dunha proposta de valor adaptada á era dixital.

Explorárase a transformación dixital como un proceso integral, indo máis aló da dixitalización de tarefas para identificar oportunidades de innovación. Abordaranse ferramentas e metodoloxías clave para xestionar a tecnoloxía de forma eficaz.

Ademais, presentarase unha selección de solucións dixitais aplicables ó sector, desde a xestión interna ata o marketing dixital e a análise de datos. Os participantes aprenderán a seleccionar, implantar e medir estas tecnoloxías, aplicando casos de éxito e boas prácticas para optimizar os seus resultados.

O programa impártese de xeito práctico, completando os conceptos explicados con exemplos reais. A cada participante se lle entregará o material necesario para o seguimento e aproveitamento de cada módulo.

Para asegurar que a dinámica formativa sexa axeitada, definiuse un máximo de 25 participantes.

PROGRAMA

20 e 27 de maio | 3, 10 e 17 de xuño 9.00 – 15.00 h Santiago de Compostela

Módulo 1. Negocios na era dixital

- Panorama actual e tendencias
- Modelos de negocio na era dixital
- Estratexia e proposta de valor
- Ofrecer unha visión xeral da transformación dixital
- Analizar os cambios no entorno empresarial e o seu impacto
- Comprender como a transformación dixital afecta á estratexia e ao modelo de negocio das empresas

Módulo 2. Transformación dixital, innovación e tecnoloxía

- Fundamentos da transformación dixital
- Innovación e competitividade
- Tecnoloxía e competitividade empresarial
- Comprender o concepto de transformación dixital como un proceso integral
- Aprender a identificar áreas de mellora e oportunidades de innovación
- Coñecer ferramentas e metodoloxías para xestionar a innovación e o cambio tecnolóxico

Módulo 3. Tecnoloxías e ferramentas de transformación dixital

- Ferramentas de xestión interna e colaboración
- Ferramentas de análise e estratexia de marketing dixital
- Implantación e medición de resultados
- Casos de éxito e boas prácticas
- Coñecer as principais ferramentas dixitais e tecnolóxicas Saber seleccionar e adoptar solucións que respondan a necesidades concretas de negocio
- Entender como medir e optimizar o rendemento das ferramentas implantadas

FORMADORES





Lara Neira
CEO e Data Engineer
Nigal



Pablo Ramos
Senior Developer
Nigal

MÁIS INFORMACIÓN

Programa financiado polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

www.clusteralimentariodegalicia.org/formación

info@clusaga.org

981 55 60 62